

## **MATRÍCULA DE HONRA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.**

As alumnas e os alumnos que, despois da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

**As matrículas de honra concederanse de acordo cos seguintes criterios de prioridade:**

- 1. Nota media de 4º da ESO con 2 decimais**
- 2. Nota media de 4º da ESO coas notas sen arredondar**
- 3. Nota media de 3º da ESO con 2 decimais**
- 4. Nota media da ESO con 2 decimais**